



ASISTENTES C.I.

Sesión de 15/09/05

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
M^a Jesús Losada Rodríguez
Rodrigo Alberte Pivida

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Carmen Serra Rodríguez
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS)*

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola
Juanjo Fernández Pérez
J. Andrés Zapirain (DS)*

DELEGAN VOTO

Antón García Fernández
Carlos Mollinedo Lois

Sesión de 22/09/05

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS)*

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola
Juanjo Fernández Pérez
J. Andrés Zapirain (DS)*

DELEGAN VOTO

Carlos Mollinedo
Antón García Fernández
M^a Jesús Losada Rodríguez
Rodrigo Alberte Pivida

AUSENTES C.I.

Carmen Serra Rodríguez
(Disculpou a súa asistencia)

***DS-** Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundición do Campus de Vigo os días 15 e 22 de setembro de 2005, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes nas distintas comisións ou tribunais.
4. Debate e aprobación, se procede da proposta de pagamento de trienios elaborada pola xerencia.
5. Concurso de traslado para o PAS laboral: debate e toma de acordo, se procede.
6. Toma de acordo sobre asuntos de persoal segundo escritos de:
 - Cristina Villar Lemos sobre a petición dunha licenza sen soldo.
 - Xosé Luciano Otero e outros sobre a promoción de técnicos de laboratorio.
 - Concepción García Lozano sobre a petición de exención de titulación para a promoción interna a determinadas categorías.
 - Juan José Fernández sobre traslado de localidade por conciliación familiar.
 - Manuela Boullosa sobre un conflito de funcións na súa categoría.
 - Elisa Gándara sobre a petición dunha licenza sen soldo.
7. Formación: axudas de custo e compensación do tempo empregado.
8. Creación dunha escola infantil en Lagoas Marcosende. Proposta da Xunta de Persoal.
9. Productividade 2005.
10. Postura do Pleno respecto ao informe sobre a apertura da biblioteca de Torrecedeira en fin de semana.
11. Rogos e Preguntas.

A reunión, nas súas dúas sesións, foi presidida por Cándido Pérez, Presidente do CI,. Antes de comezar a correspondente ao 15 de setembro da conta dos votos delegados que, neste caso, corresponden aos debidamente enviados por Carlos Mollinedo e Antón García que delegan o seu voto en Cándido Pérez. Na sesión do día 22 Carmen Serra desculpou a súa asistencia e os votos delegados corresponderon aos debidamente enviados por: Chus Losada, Alberte Pivida e Antón García que delegan en Cándido Pérez e ao enviado por Carlos Mollinedo que delega en Federico Fernández.



1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Dáse lectura as actas correspondentes aos Plenos celebrados os días 6 de abril de 2005 e 6 de maio de 2005. A primeira é aprobada por unanimidade tras corrixir algúns erros e anexarlle un voto particular da Sección Sindical de FETE-UGT no que dan conta do abandono da reunión cando se ía tratar o punto 7, razón esta pola que só dan fe do tratado ata o punto 6. A acta do 6 de maio, tras corrixir algúns erros, foi aprobada por unanimidade.

2. Informe do Presidente

O Presidente da conta do seguinte:

- Da contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
- De como vai a negociación do II Convenio.
- Do tratado na Comisión Permanente de 6 de setembro.
- Dunha sentenza que pode afectar as listas de agarda.
- Da Resolución da Xerencia sobre o goce dos días 24 e 31 de decembro
- Da contestación que o Tribunal Garantías lle da aos técnicos especialistas de xardinería e zonas verdes sobre a organización do seu traballo
- Da Resolución reitoral nomeando a Jesús Costas como xerente en funcións.
- Do informe sobre a apertura da biblioteca nos fins de semana
- Da Proposta de modificación do segundo exercicio de ATIIDD
- Do informe sobre as solicitudes de roupa de traballo
- Do nomeamento de representantes do Comité Intercentros nas seguintes convocatorias por acordo da Comisión Permanente:

Técnicos de infraestructuras científico-tecnolóxicas

- Hilda Iglesias Galán

Técnicos de proxectos de I+D

- Carmen Serra Rodríguez

- Do escrito enviado por Cristina Villar Lemos solicitando unha licenza sen soldo
- Do escrito enviado por Xosé Luciano Otero e outros sobre a promoción do persoal de laboratorio.
- Do escrito enviado por Concepción García Lozano solicitando a exención de titulación para o acceso por promoción interna a determinadas categorías.
- Da petición de traslado realizada por Juan José Fernández por motivos de conciliación familiar.
- Do escrito enviado por Manuela Boullosa en relación coas funcións que lle corresponde facer a súa categoría profesional.
- Do escrito enviado por Elisa Gándara solicitando unha licenza sen soldo.
- Do permiso de 6 meses solicitado por un T. E. de Belas Artes.
- Da reunión que mantivo unha representación do CI co xerente na que se tratou a organización do Parque Móbil, a compensación dos sábados, a xornada de verán (en relación coa orde APU 1818/2005 publicada no BOE de 16 de xuño de 2005) e a sentenza do recurso 2071/05 relativa aos complementos de antigüidade do persoal funcionario.
- Da necesidade de solicitar a negociación da produtividade deste ano.
- Do incremento do complemento específico ao persoal funcionario.



- Do Acordo Administración Sindicatos.
- Por último, da conta de información enviada ao CI sobre o día das letras galegas, a guía de saídas profesionais e o premio Luísa Villalta da UDC.

Na sesión do día 22 o Presidente deu conta, ademais, destes asuntos:

- Da información enviada pola Área de Normalización Lingüística relativa a axudas á investigación realizada en lingua galega.
- Dun escrito enviado por Alfonso Covela no que solicita poder cursar un máster de soldadura de 486 horas.
- Do escrito enviado por Ramón Pousada, técnico especialista en servizos xerais na conserxería da EUEE, no que solicita ao CI que aclare o conflito relativo aos días de vacacións e ao cómputo do tempo traballado en sábados pola mañá que lle afecta a el mesmo e aos auxiliares técnicos de servizos xerais.

Tras rematar o informe **acordouse** derivar a Comisión de Formación a petición feita por Alfonso Covela e, con respecto ao escrito de Ramón Pousada, **acordouse**, así mesmo, solicitar por escrito un informe detallado e completo sobre a compensación e acumulación ás vacacións dos sábados traballados polo persoal de conserxería da EUEE.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.

Comisión de Acción Social.¹

Federico e Victoria dan conta do tratado nas reunións da Comisión de Acción Social celebradas os días 26 de maio e 21 de xuño de 2005.

Na reunión de maio estudiáronse as incidencias que se produciron con respecto ao listado de excluídos da Convocatoria de axudas do fondo de 2004.

Na reunión de xuño Antonio Rotea, o presidente da Comisión, presentou un informe no que se analiza o novo sistema de reparto para saber si se acadaron os obxectivos previstos ou si, por contra, é preciso introducir axustes.

Aser Fernández solicita que se a Comisión motiva o primeiro recurso cando se presenta un segundo este ten que estar de novo motivado e non enviar a mesma contestación que se deu para o primeiro.

Manuel Velasco propón que se reúnan os representantes do CI nesta Comisión e que analicen os resultados do novo sistema de reparto para logo compartila co resto de membros do CI.

Comisión de Emprego.

Rodrigo da conta do que se tratou na reunión celebrada o 27 de maio na que se trataron, entre outros, os seguintes asuntos:

- Modificación da normativa de listas de agarda. O xerente manifestou que ao estar negociando un novo convenio o persoal

¹ Os informes das reunións e a documentación presentada na de xuño quedarán anexadas a esta acta.



laboral e ser este un asunto incluído na negociación a comisión non era o sitio adecuado para realizar os cambios propostos.

- Do conflito que se deu ao darlle a empresa preferencia a un cambio de quenda antes que a unha mellora de contrato que beneficiaba a un traballador que estaba mellor situado na lista de agarda.

4. Debate e aprobación, se procede da proposta de pagamento de trienios elaborada pola xerencia.

Este asunto adíase para o xoves 22 de setembro para poder contar cos informes xurídicos solicitados polos sindicatos.

No citado día (22 setembro) as tres centrais sindicais coinciden en que o recurso de casación presentado perante o Tribunal Supremo pretende algo máis que unificar a doutrina e como aínda non dispoñen dos respectivos informes xurídicos decídese non asinar, de momento, o acordo ata que se teña información precisa sobre as consecuencias actuais e futuras que pode ter o citado recurso.

5. Concurso de traslados para o PAS laboral: debate e toma de acordo, se procede.

Cándido Pérez lembra o escrito enviado o 12 de novembro de 2004 no que se solicitaba o concurso de traslados para todo o PAS laboral.

Malia este cordo, a análise da situación actual obriga ao CI a reflexionar sobre o que é máis conveniente para os intereses dos traballadores e traballadoras que representamos. O Pleno comparte a opinión de que o concurso é urxente realizalo sobre todo para o persoal do ATIC e que non é tan perentorio para o resto dos colectivos e aínda que na primeira parte do Pleno (a celebrada o día 15) propúxose facer un escrito solicitando o concurso só para o persoal dos servizos informáticos, na segunda parte (a celebrada o 22 de setembro) ,a proposta da CIG, acordouse que a petición de concurso se fixera extensiva a todo o persoal agás os auxiliares técnicos de actividades deportivas e os técnicos especialistas de biblioteca. O adiamento do concurso para estes colectivos permitiría aproveitar as prazas que se poidan liberar dos procesos de promoción interna que actualmente están en marcha e do incremento de prazas na RPT pola posta en marcha de novos centros e a consolidación de certas áreas ou servizos. Este aprazamento tamén axudaría a estabilizar parte das prazas que actualmente ocupa provisionalmente persoal fixo.

Acórdase, por unanimidade, facer un escrito no que se solicite a realización do concurso de traslado para todo o PAS laboral agás o pertencente as categorías de técnico especialista de biblioteca e auxiliar técnico de servizos xerais.

6. Toma de acordo sobre asuntos de persoal segundo escritos de:

- Cristina Villar Lemos sobre a petición dunha licenza sen soldo.



Esta traballadora realizou unha petición de licenza sen soldo para poder aprender un idioma estranxeiro. O informe emitido, no seu día, polo CI foi favorable

- Xosé Luciano Otero, e outros sobre a promoción de técnicos de laboratorio.

Este traballador, xunto con Alfonso Covela, envían un escrito no que solicitan a creación da figura de técnico de grado medio de apoio a docencia e investigación (TGMADI). Dito escrito ven acompañado de información referida ao espazo europeo de educación superior, da situación laboral actual dos técnicos especialistas de laboratorio, do seu futuro potencial e das características que, segundo os asinantes, tería a nova categoría que os remitentes sitúan no grupo II. A petición do escrito suscitou o debate no seo do CI e así o delegado da UGT recordou que esa petición vai incluída na súa proposta para o II Convenio, circunstancia que tamén se da, tal e como mencionaron Cándido Pérez e Manuel Velasco, na proposta conxunta de CIG e CC OO.

O sindicato UGT pide que se vote a seguinte proposta: solicitar que se remita ao xerente a proposta dos técnicos para so seu estudio e valoración de cara a súa inclusión no II Convenio Colectivo. CC OO e CIG consideran que non procede xa que as propostas de convenio, que estiveron abertas a calquera inclusión, xa son públicas e recollen esa aspiración. Unha vez realiza a votación se obtén o seguinte resultado:

A favor da proposta de UGT	2 votos
En contra	8 votos
Abstencións	2 votos

Como estes traballadores se dirixen ao Presidente do CI, literalmente, en representación dos técnicos especialistas de laboratorio, Cándido Pérez, lembra que os únicos representantes lexítimos dos/as traballadores/as son os elixidos nas eleccións sindicais e os debidamente nomeados polos respectivos sindicatos.

Pídeselle ao secretario que conteste o citado escrito.

- Concepción García Lozano sobre a petición de exención de titulación para a promoción interna a determinadas categorías.

Concepción García pertencen ao grupo IV (auxiliar técnico de servizos xerais) e no seu escrito solicita a exención de titulación para as convocatorias de técnico especialista de servizos xerais e técnico especialista de biblioteca.

Cándido Pérez, móstrase favorable a esta petición e menciona os acordos MAP / sindicatos como posible referencia, así mesmo, lembra que esta posibilidade fai moito tempo que está recollida no Convenio Colectivo das universidades catalanas.

Carmen Serra, amosa a súa preocupación pola posible xeneralización da exención de titulación.



Rodrigo Alberte, considera que non debe ser a práctica habitual mais mostra o seu apoio a petición.

Manuel Velasco, considera que o importante é demostrar a capacidade para superar os procesos selectivo e que a titulación só presupón que se teñen unhas aptitudes.

Ao non existir acordo se procede a votar esta proposta dándose o seguinte resultado:

A favor 8 votos

En contra 1 voto

Abstención 3 votos.

Apróbase por maioría apoiar a petición de exención de titulación para as citadas categorías.

- Juan José Fernández sobre traslado de localidade por conciliación familiar.

Este traballador, que desempeña funcións de técnico especialista de informática no Campus de Ourense, solicita un traslado provisional a calquera praza da súa categoría ou equivalente que poidan estar dispoñibles nos Campus de Vigo ou Pontevedra. Tras un breve debate o Pleno **acorda** solicitar a convocatoria da Comisión Paritaria co obxecto de que se diriman o seu seo que categorías son equivalentes á do peticionario.

- Manuela Boullosa sobre un conflito de funcións na súa categoría.

Manuela é técnica especialista en medios audiovisuais na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e diríxese ao CI para dar conta de que persoas alleas ao gabinete técnico de audiovisuais están a realizar traballos de mantemento e montaxe dos equipos ao tempo que solicita ao órgano de representación que lle especifique por escrito as súas funcións e responsabilidades. O Pleno, tras debater este asunto, **acorda** reenviar o escrito á xerencia ao entender que o que nel se demanda entra dentro das competencias do xerente.

- Elisa Gándara sobre a petición dunha licenza sen soldo.

Elisa solicita unha licenza sen soldo por motivos persoais acolléndose ao artigo 40 do 1º Colectivo e solicita que a súa ausencia se cubra cun contrato de substitución baseándose en que hai precedentes anteriores.

7. Formación: axudas de custe tempo empregado

A CIG presenta un escrito (que quedará anexo a esta acta) no que solicita, entre outras melloras, que o tempo empregado en formación sexa compensado con tempo de descanso.

Este asunto foi proposto para debater no Pleno a raíz do acontecido no curso de soldadura celebrado no mes de xuño; nesta acción formativa houbo traballadores/as que a realizaron en horas de traballo e outros/as en tempo de descanso.

Por último, faise un rogo expreso para que este tema se trate na próxima reunión da Comisión de Formación.



**8. Creación dunha escola infantil en Lagoas Marcosende.
Proposta da Xunta de Persoal.**

Acéptase a proposta de reunir os órganos de representación para tratar este asunto. CC OO, non obstante, fai constar o protagonismo interesado que neste asunto mostra a Xunta de Persoal PAS-F pois malia chamar a unidade elaborou documentos para recoller o apoio do persoal nos que figura coma a única promotora.

9. Productividade 2005.

O delegado de UGT avisa de que a Xunta de Persoal PAS-F chegou a un principio de acordo para incluír este concepto no salario mensual.

Acórdase facer un escrito solicitando a apertura de negociacións para establecer as contías da paga de produtividade do ano 2005.

10. Postura do Pleno respecto ao informe sobre a apertura da biblioteca de Torrecedeira en fin de semana.

Tanto CC OO como UGT presentan sendo escritos sobre este asunto que quedarán anexados a esta acta.

O Pleno coincide en valorar o informe coma unha recollida de datos sen conclusións claras da experiencia realizada e sen recomendacións de mellora de cara a experiencias futuras.

11. Rogos e preguntas.

- Apertura do novo centro da Escola de Minas no Campus de Vigo.

Aser Fernández, pregunta se van abrir só co persoal actualmente existente e di que se a biblioteca se abre na quenda de tarde só cunha persoa esa dependencia resulta totalmente ingobernable.

Cándido Pérez, sinala os problemas de seguridade que se dan nese edificio poñendo como exemplo que a un traballador lle caeu unha prancha do falso teito.

- Marcos Estévez, co fin de sinalar a falta de persoal nas bibliotecas do Campus de Vigo, roga que conste en acta que a subdirectora da BUV ten realizado funcións de TEB en momentos nos que lle é imposible cubrir unha necesidade, nun posto desta categoría, co persoal actualmente existente.

Acordos:

- Solicitar a realización do concurso de traslado para todo o PAS laboral agás o pertencente as categorías de técnico especialista de biblioteca e auxiliar técnico de servizos xerais.



- Aprobase apoiar a exención de titulación na quenda de promoción interna para ás prazas de técnico especialista de biblioteca e técnico especialista de servizos xerais.
- Acórdase solicitar a convocatoria da Comisión Paritaria do 1º Convenio Colectivo para que se dirima no seu seo que categorías son equivalentes a de técnico especialista de informática (xestión de redes e sistemas informáticos).
- Aceptar a proposta de reunir aos órganos de representación para discutir a proposta de crear unha escola infantil no Campus de Vigo e procurar unha solución similar para os campus de Ourense e Pontevedra.
- Facer un escrito solicitando a apertura de negociacións para fixar as contías da paga de produtividade do ano en curso.

Fdo.: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)